



DEPUTACIÓN OURENSE  
PRESIDENCIA

.....  
DEPUTACIÓN  
OURENSE

LIBRO XERAL SAIDAS  
Num. Rexistro: 2021035592  
Data: 13-12-2021 14:16



Copia

En contestación á petición de data 26 de novembro, indicarlle que dentro das condicións de servizo de asistencia técnica de xestión integral da ETAP de Melias, inclúe a asistencia técnica para a xestión do seu funcionamento ordinario, a realización do seu mantemento e as analíticas legalmente esixibles, así como o mantemento correctivo e reposición dos equipos. Neste ano 2021 como solución para a mellora da calidade do auga propúxose a instalación de un decantador lamelar, expedientes 2021/5125B e 2021/5123D, "Contratación de enxeñaría de proxecto de mellora na ETAP de Melias (decantador) concellos de O Pereiro de Aguiar e Nogueira de Ramuín dentro Programa ciclo do Auga".

A data de este escrito a solución de enxeñaría de proxecto encontrase en fase de estudio e valoración, sen estar presentada a solución definitiva.

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 9 de decembro de 2021

O PRESIDENTE



José Manuel Baltar Blanco.

RAFAEL RODRIGUEZ VILLARINO, deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.

Grupo de PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.